

As romaxes da terrachá

## Vertentes relixiosas e profanas nos Santuarios

(C)

JOSE MANUEL BLANCO PRADO

Pola historia das relixións sabemos que o home deu culto ós deuses mitolóxicos, ós elementos da natureza, ós animais, en fin, a todo aquello que lle infundía temor e admiración. E a Galiza rural non foi un caso aparte, xa que, antre nós, moitas desas manifestacións e prácticas relixiosas son reminiscencias de tempos pasados.

Xosé Moreiras Santiso, no seu artigo "A Relixiosidade Popular no sector rural", da revista galega de pensamento cristián "Encrucillada", manifiesta que "a nivel individual, o galego rural ten a convicción de que hay un ser superior trascendente e providente, xuez e controlador da súa vida, bens e facenda, ó que se dirixe pra pedirlle normalmente favores, e en casos apurados faille das más variadas ofrendas. Nem-bargantes pra chegar con máis seguridade a ese Deus, o galego rural bota man das advocacións dos santos e da Virxe".


Agora ben, no seu orixe, o termo "romaxe" designaba soiamente un caso particular destes desplazamentos por motivo relixioso: ir de romaxe, ser romeiro, significaba viaxar a Roma pra visitar as tumbas dos apóstoles Pedro e Pablo, e honrar ó Romano Pontífice, testa visibel da Eirexa e sucesor de S. Pedro. Co paso do tempo o termo foise xeneralizando, vindo a ser cásqueque síndrome de peligrinación, inda que existen certos matices que permiten diferenciar ambos termos: así o termo "peligrinación", paresce poñer máis de releve "o aspeuto penitencial" e tamén ó de abandono do lugar e ambiente habituais. Neste senso foron particularmente notábeles as peligrinacións a Terra Santa, Roma e Sant-Iago de Compostela, e máis recentemente Lourdes e Fátima; en cambio os romaxes catalizáron normalmente en torno ó fenómeno relixioso diversas manifestacións folklóricas, bailes, etc.

Sobor da orixen e o motivo colectivo das romaxes, Vicente Risco, no capítulo "Etnografía", do seu apartado "Cultura Espiritual", da obra "Historia de Galicia", dirixida por Otero Pedrayo, di o seguinte: "A fe, o sentimento relixioso e as prácticas devotas do pobo galego tinguen toda a súa vida, ainda nos actos más sinxelos e vulgares da vida, máis teñen unha manifestación colectiva de moita expresión nas romaxes e na veneración ós Santuarios enxebres, onde se xunta, nos días de festa, moita cristiandade".

En tanto a estructura da romaxe, Xestus Taboada Chivite, na sua obra "Etnografía Galega", manifesta que "as romerías, como as festas e mercados, son amáis de teste-muño de piedade e degoro relixioso, lugares de reunión e convivencia social. Cásqueque todas iguais na súa expresión festiva: Pola mañá, albaorada de gaita ou música; repicar das campás; cortexo procesional, precedido da cruz e outros pendóns; imaxe sobor andas ou en carro enfeitado; cántigas a fervorosas; ofrecidos portando velas; misote con solo da gaita ao alzar e bombas de palenque niste intre; bós xantares en grupos familiares arredor da ermida; tabernas con viño do país; pulpeiras con grandes caldeiras; cegos cantores; probes cramando as súas coitas; vendedores ambulantes; baile con remuda da parexa e rivalidades. E, ao tornar, aturuxos ledos ou de desafío resoando na incerta hora de antre lusco e fuso, como saudoso latexo céltico".

Polo tanto en toda romaxe existen duas aristas ou vertentes, das cales participan, en maior ou menor medida, a meirande parte dos romeiros.

1) A vertente relixiosa.- Ista vertente está centrada no Santuario sobor da cal o antropolólogo español, Carmelo Lisón Tolosana, na súa obra "Antropología Cultural sobre



Apreciación das duas vertentes de toda romaxe: a Vertente relixiosa, centrada no Santuario; e a Vertente profana, centrada neste caso, na diversidade de postos ou barracas, arredor do Santuario

España", manifesta que o Santuario se distingue preferentemente pola devoción da xente, e non por unha característica histórica ou artística inherente ó edificio ou institución. Os santuarios desenroláanse cando as imaxesatraeron a devoción popular, xeralmente mostrarse poderosas miraxes. Asimismo, a meirande parte dos santuarios

rurais eran ermitas, capelas ou eirexas parroquiaes, as cales chegaron a ser santuarios cando a imaxe de veneración, atraía poderosamente a devoción popular.

Isato lévame a manifestar que a base do santuario radica na devoción ó Santo, ou algunha advocación da Virxe, devoción que vai acompañada dunha serie de ritos e prácticas, ainda vixentes hoxe en dia na sua meirande parte.

2) A vertente profana.- A base da vertente profana, radica no xantar campestre, en cujo caso tratariase de "romeiros" procedentes d'outras parroquias, que veñen ofrecidos ó Santuario, pra posteriormente xantar nos prados colindantes ó mesmo; no xantar na casa familiar, que servi-

## EL PROGRESO, 10-7-1982 (continuación)

ria pra reunirse os familiares más achegados e convivir comunitariamente unhas horas ledas; e posteriormente a participación na festa e verbena.

Por outra banda, e sendo imposibel facer un análise detido de cada unha das romaxes da Terra Chá, pola estensión do traballo, vou a facer un estudo comparativo dunha serie delas, que, dende o meu punto de vista, tiveron e siguen tendo amplia resonancia dentro da susodita comarca.

Iste análise ou estudo comparativo que vai estar en relación cas dúas vertentes de toda romaxe, a saber, a vertente relixiosa e a vertente profana, abrangue as seguintes romaxes: Romaxe de S. Alberto, que ten lugar o terceiro domingo do mes de maio, no lugar de S. Ambreixo, límite dos axuntamentos de Begonte e Guitiriz; Romaxe da Virxe dos Desamparados, que ten lugar o domingo de Pascoa, no lugar dos Villares, axuntamento de Guitiriz; Romaxes de S. Benito, que teñen lugar os días 26 e 27 de setembro, nas parroquias de Piñara, axuntamento de Guitiriz, e Valdomar, axuntamento de Begonte; Romaxe do S. Adrián, que ten lugar o miércoles antes da Ascensión, e o día 29 de xunio, na parroquia de Goiriz, axuntamento de Villalba; Romaxe do S. Xulián e S. Adrián, na parroquia de Pacios (lugar de Carballido), axuntamento de Begonte, que se celebraba, ate fai 20 anos, a primeiros de xaneiro, máis agora celébrase o domingo seguinte a Ascensión; Romaxe da Virxe do Monte, que ten lugar o día 8 de setembro, na parroquia da Feira do Monte, axuntamento de Cospeito; Romaxe do S. Cosme, que se celebra o 27 de setembro, na parroquia de Galgao, axuntamento de Abadín; Romaxe do Ecce Homo e da Virxe das


Angustias, que se celebra o 14 de setembro e o domingo seguinte, na parroquia de S. Pedro de Arcos, axuntamento d'Outeiro de Rei; Romaxe da Virxe de Guadalupe, que se celebra a principios de setembro, na parroquia de Sancobad, axuntamento de Villalba; Romaxe de Sta. Isabel, que se celebra o primeiro domingo de xulio, en Outeiro de Rei; Romaxe do S. Ramón, que se celebra o día 31 de agosto, en Villalba, e Romaxe da Virxe dos Mirages, que se celebra o día 24 de maio, na parroquia de Saavedra, axuntamento de Begonte.

Despois da enumeración das romaxes que me sirven de base pra o presente traballo, paso analizar conxuntamente cada unha das vertentes que se dan en ditas romaxes.

### A vertente relixiosa.-

Dentro da vertente relixiosa das romaxes, cuia base radica, como vimos, nos respetivos SANTUARIOS, vou distinguir os seguintes elementos de estudo: 1.º, Posibel orixen da devoción nalguns santuarios; 2.º, Procedencia xeográfica dos romeiros; 3.º, Motivacións relixiosas por parte dos romeiros; 4.º, Ritos que se celebran, ben conxuntamente cos cregos e romeiros participantes nas citadas romaxes, ben a nivel individual; 5.º, Ofrendas adicadas os santos ou advocacións da Virxe.

**EL PROGRESO, 13-7-1982**



Os romeiros arredor do Santuario dos Miragres, de Saavedra; uns ouvindo unha das misas celebradas, pola maña, en dito santuario; outros "poñendo o Santo" no pórtico lateral

As romaxes da Terra Chá

## Possible orixen da devoción nalgúns santuarios (α)

- Motivacións relixiosas por parte dos romeiros e a súa procedencia xeográfica

# EL PROGRESO, 13-7-1982 (continuación)

José Manuel Blanco Prado

a) Santuario da Virxen da Feira do Monte.—Con respecto á orixe da devoción a iste santuario, paresce ser, que xa no século XV, debía existir, pois había uns arcós tallados en buxo, con data de 1418, que donara a Cofradía de Pescadores de Viveiro.

Asimismo sobor d'iste santuario existe a seguinte lenda: "En Cospeito, baixo o pé mesmo do outeiro que da feitura ó trono da Nosa Señora do Monte, existe unha lagoa que lle chaman a Lagoa de Valverde. Díñ que no sitio onde está esa lagoa, había nalgún tempo unha vila que lle chamaban Valverde. Paresce ser que un bon dia foi á vila un probe, e pediu posada onde pasar aquela noite, sin que naide lla dese; en vista do cal, saliu da vila e foise a unha casa que había onde hoxe está afincada a Feira do Monte cunha familia moi probe. Esta familia recibiuño de moi bon agrado, e como non tiñan que comer determináron matar a úneca becerra que lle quedaba, pra poder dar de cear ó probe. A outro dia pola mañá ergueuse o probe e escomenzou a chamar polo dono da casa pra mandarlle munxilas vacas e botalos becerros a mamar. O dono seguía durmindo e non lle facía caso. Mais o probe seguía chamando hasta que o fixo sacar da cama decindo: '¿Cómo hei de munxilas vacas e botalos becerros a mamar, se a úneca becerra que tiña mateina onte pola noite pra poder facer a cea de todos? O probe contestoulle: 'Tan certo é que tes becerros e vacas na corte como que a vila de Valverde se asolagóu nas augas esta noite! O probe desaparecéu, e nono puideron atopar mais por ningún sitio. O dono e a sua familia sairon correndo e viron asombrados que tal como dixera o probe, a vila de Valverde estaba asolagada. Despois viron con asombro no alto do monte unha capela pequena cunha imaxen, a cal denominárona de 'Virxen do Monte', e así lle quedou pra sempre. Logo voltou o dono coa sua familia pra casa e encontróu as cortes cheas de vacas e becerros.

b) Santuario de S. Adriano de Goiriz (axuntamento de Villalba).—Respeuto ao posible orixin de este santuario no retablo existe unha inscripción que dice: "Esta capilla la fundó D. Ramón Montenegro y su mujer D.ª Luisa Montenegro, año de 1685".

c) Santuario da Virxen dos Miragres de Saavedra.—En canto ós comenzaos da devoción á Virxen dos Miragres, supónse que foi a raíz do primeiro miragre en tempos da invasión francesa.

Cóntase que nunha incursión das tropas francesas por estas terras, intentaron penetrar no templo pra pernoctar, mais víronse sorprendidos xa que a pesar de insistir varias veces, non lograron penetrar e profanar o templo, proba do achego divino hacia dito lugar. Iste posibel miragre está recollido na seguinte cantiga á Virxen dos Miragres:

"Cando o impio francés profanar quixo este templo levou gran lección i exemplo suxetándolle os pés.

Pra que conozcan quén é a que é grande e poderosa".

d) Santuario de S. Adrián e S. Xulián da Parroquia de Pacios.—En canto ó seu orixe, existe a seguinte lenda: "Fai moitos anos, nun lugar da parroquia de Pigara (axuntamento de Guitiriz), colindante coa de Pacios, existía unha capela, dentro de cal había dous santos: S. Adrián e S. Xulián. Un bon dia sucedén que ambos se apareceron de madrugada na "Campa de Carballido", lugar da parroquia de Pacios, polo cal os habitantes do lugar deron por sentado que ditos santos, querían trasladarse deixa o citado lugar, polo cal levantaron unha capela adicada os mesmos.

e) Santuario de S. Cosme da Parroquia de Galgao (Abadín).—Sobor do orixe deste santuario hay que destaca-

car o seguinte feito: En 1928, a sede eclesiástica foi trasladada de "Samordas" ao actual emplazamento no campo de Galgao, a unhas 300 metros da carreira nacional 634, ó seu paso polo porto da Xesta. Iste traslado, ó que se opuxeron algúns veciños do seu orixinario asentamento, deu orixe a unha situación peculiar i a que incruso se falase de miragre. Ocurriu que despois de ser trasladada a capela construída no campo de Galgao, a imaxen do S. Cosme apareceu na anterior sede eclesiástica. Trasladada de novo, volvveu a regresar ó seu lugar de orixe, sin que naide encontrase unha espléndida fenómeno.

De sorte tal que varias piadosas personas empezaron a considerar a posibilidade de que existise unha razón de peso por parte do santo pra oponerse ó traslado e convirón que, "si o santo non se afai na igrexa nova, hon hai que forzalo". Pero un día descubriuse que era un veciño de Samordas quen en mostra do desacordo co traslado, encargábase de realizar os miragues.

Agora ben, existe outra versión a nivel popular que podemos sintetizar da seguinte forma: "O cura da parroquia donde se celebraba a romaxe do S. Cosme (lugar de Samordas), deuse conta de que ali non era bon sitio pra celebrar algo tan relixioso, xa que pra chegar ate ali había que ir polo monte, e non había camiños.

De ahí que o Santo empezase a desaparecer da capela, e traíranlo pra outro sitio más adecuado e más fermoso. Dende que o cura convenceu ó pobo de que S. Cosme quería cambiar a súa casa pra aquel lugar, fixeron unha nova capela, no lugar de Galgao, onde hoxe se celebra a citada romaxe.

2.º Procedencia xeográfica dos romeiros.—A algunas romaxes da Terra Chá, non soio acuden romeiros desta coemarca, senón tamén d'outros axuntamentos de Betanzos, Curtis, Friol, e da

## EL PROGRESO, 13-7-1982 (continuación)

mariña coruñesa; á romaxe dos Miragres de Saavedra, así como á romaxe da Virxe do Monte, acuden romeiros da mariña lucense, de Lugo capital, de Mondariz, de Lorenzana, etc. Agora ben, existen outras romaxes, nas que a procedencia xeográfica dos romeiros é normalmente a nivel comarcal.

**3º Motivacións relixiosas por parte dos romeiros.**—O romeiro en xeral, ofrecéntase por si mesmos; nembargantes, nalgúns romaxes ás que asistin persoalmente, puiden comprobar que había romeiros que iban en devoción ó santo, ou advocación da Virxe, pra conquerir algunha intercesión pra outras persoas, a cal nalgúns casos non podía asistir ó santuario, por causas físicas preferentemente. Antre as motivacións ou causas especiais polas que os romeiros acuden ós respetivos santuarios, distingo as seguintes:

a) Protección dos animais de raza cabalar, vacuna, etc. Antigamente existía unha presencia física de ditos animais, nos santuarios adicados ó S. Benito, en Pigara e Valdomar; no santuario do S. Alberto en S. Ambreixo, no santuario do S. Cosme, en Galgao; no santuario do S. Adrián, en Goiriz, etc., nos cales había normalmente unha misa de "bendición do gando"; hoxe en día, ainda siguen existindo unha serie de reminiscencias, sobor de todo "no santuario do S. Cosme en Galgao", nembargantes nos demás a presencia xa é simbólica, no senso de que se utilizan unha serie de esvotos de cera, representando aquelas partes enfermas do animal, ou o animal, cunha finalidade protectora.

b) Portección dos nenos que teñen dificultades pra falar ou "tatecos". Santuario do S. Alberto, en S. Ambreixo (axuntamentos de Guitiriz-Begonte).

c) Protección da facenda familiar. No santuario do S. Alberto, os romeiros collen dos arredores de capela terra, bendicenna no santuario, e logo lévanla pra botala nas terras e nos establos.

d) Petición de favores de bopasar prá familia, como por exemplo, en tempos da guerra, pra pedir por algún fillo ou familiar que estivesen nela; pedir protección pros recién nados. Iste tipo de peticóns faixe prácticamente en todos los santuarios.

e) Protección contra unha serie de enfermedades a nivel xeral. Entendidos santuarios enumerados, os romeiros acuden pra facer peticóns de cura pra unha serie de enfermedades a nivel xeral. Nembargantes existen santuarios específicos pra unha serie de enfermedades, como por exemplo ós santuarios adicados ó S. Benito, especializados na cura de verrugas, bocio, enfermedades da pel; ós santuarios adicados ó S. Adrián, especializados na cura dos dolores das extremidades, bultos, dolores de testa, etc.; ós santuarios adicados a Sta. Lucía, especializados na cura da enfermedade da vista.

En relación a iste derradeiro feito, temos que facer constar que o Dr. García Sabell, fala no seu libro "Notas pra unha Antropoloxía do Home Galego Actual", de dúas altitudes do enfermo ante a súa doença: por unha banda, a altitude entregada á enfermedade, na que o espíritu é servo dos acontecimentos materiais do corpo, e a altitude negadora da enfermedade, na que o individuo trata de anular a enfermedade negándoa. O paso dunha altitude a outra, propiciado por un esforzo da vontade, apoiada na autosuxestión, podería ser o segredo de boa parte de esas pretendidas curacións miraculosas. Asimismo, é mui posíbel, tamén, que por outra banda, a enfermedade miraculosamente curada non existe en realidade mais que na mente aprensiva do individuo.

As romaxes da Terra Chá

## Ritos conxuntos e individuais sobor dos santuarios

(AC)

José Manuel Blanco Prado

Segundo o sociólogo francés Durkheim, os "ritos" son reglas e conducta que prescriben cómo o home debe comportarse coas cousas sagradas.

Dentro dos ritos, que acaescen nos respectivos Santuarios da Terra Chá, vón distinguir aqueles, nos que o romeiro participa conxuntamente cos cregos e demais romeiros asistentes ós santuarios; e aqueles outros, nos que participa individualmente.

### A) RITOS DE PARTICIPACION CONXUNTA

1) **Misas.**—En cásqueo tódolos santuarios que me sirven de base pró presente traballo, o dia da festividade central, dinse misas prácticamente toda a mañá, ate a 1 ou 1 1/2 en que ten lugar a "Misa cantada", oficiada polo crego da parroquia, na que está inserto o santuario, acompañado d'outros cregos de parroquias limítrofes. Iste podémolo apreciar por exemplo no Santuario da Virxe da Feira do Monte, no Santuario dos Miragres de Saavedra, no Santuario da Virxe do Desamparados dos Villares, no Santuario do San Alberto, etc.

2) **Procesión xeral.**—Despois da misa cantada da 1 ou 1 1/2, ten lugar a "procesión xeral" que da unha volta arredor do santuario, e que reviste, en canto á súa disposición a seguinte estructura, que é praticamente a mesma en tódolos santuarios, ouxeto de estudo.

a) Cruz parroquial, e outros pendóns, levados por rapaces do lugar no que se atopa o santuario.

b) Imaxen do Santo ou advocación da Virxe, levada en andas, por catro persoas-mulleres, no caso de que se trate unha advocación da Virxe, e homes, no caso que se trate dunha imaxen do Santo.

c) Crego da parroquia, na que se atopa o santuario, acompañado d'outros cregos de parroquias limítrofes.

d) Romeiros en xeral colocados sin distinción de edade e sexo.

3) **Novenas.**—En cásqueo tódolos santuarios da Terra Chá, dez días ou nove denantes da festividade central, celebranse novenas adicadas a advocación do Santo ou Virxe, e que revisten xeralmente a seguinte estrutura:

- Rezo do Santo Rosario.
- Lectura de Salmos acerca do Santo ou da Virxe.
- Oracións pra cada dia e oracións xerales.
- Petición ó Santo ou a Virxe por parte do feligrés.
- Oración final.

Antreas novenas que podemos distinguir, cito "a novena dos Miragres de Saavedra", "a novena da Virxe de Guadalupe en Sancobad (Villabán)", "a novena da Virxe da Feira do Monte", etc., nas que se piden diversidade de favores tanto materiais como espirituais ó Santo ou Virxe ouxeto de culto.


### B) RITOS A NIVEL INDIVIDUAL

1.º.—Denantes viña moita gente andando dende o seu lugar de orixen; ó mesmo tempo ó chegar ó santuario, daban de xionllos unha volta ou máis arredor do mesmo. Hoxe endia, inda que existen reminiscencias deste derradeiro rito, vaise perdendo paulatinamente. De todos xeitos, iste feito puiden comprobarlo, ainda iste ano, nos santuarios dos Desamparados (Guitiriz), dos Miragres (Begonte), San Alberto (Guitiriz-Begonte), do

San Benito (Valdomar e Pigara).

2.º.—Algúns romeiros fan "procesións particulares" arredor do santuario, ben cunha imaxe pequena do Santo —como nos santuarios do San Alberto, e San Benito— ou da Virxe —como no santuario dos Miragres de Saavedra—, ben con esvotos de cera e velas acesas-en cásqueo tódolos santuarios.

3.º.—Ritual de contacto coa advocación do Santo ou Virxe. Dentro diste ritual podemos distinguir dou elementos:



Un dos ritos básicos a nivel colectivo é a procesión. Eiquí podemos apreciar, o intre, en que unha imaxe do San Alberto, vai ser levada en "andas" por catro homes

## EL PROGRESO, 14-7-1982 (continuación)

**A) Poñer o Santo.**—Iste ritual consiste en que o crego, ou outra persoa, xeralmente un sacristán, cunha imáxen pequena do santo ou da Virxe, fan unha cruz enriba da testa do romeiro, e posteriormente iste besa dita advocación, mentres o "poñente" recita unha xaculatoria.

Antres os posíbeis modelos de xaculatorias que se empregan nos respectivos santuarios distingo as seguintes:

**Santuarios adicados ó San Adrián (parroquias de Goiriz e Pacios):**

"S. Adrián bendito  
Che dea a sanidade  
e che quite a enfermedade  
polo poder que Deus ten.  
Amén".

"Dios te conceda por medio de S. Adrián, todo lo que le pidas. En el nombre del Padre, del Hijo y del Espíritu Sant. Amén".

**Santuario adicado ó S. Alberto:**

"S. Alberto bendito  
che quite a enfermedade  
che dea a sanidade  
polo poder que Deus ten.  
Amén".

**Santuarios adicados ó S. Benito:**  
"Por tu corazón bendito  
Santo del rostro moreno  
de todo infernal veneno  
libranos, Santo Benito".

**Santuario adicado a Sta. Lucía:**  
"Sta. Lucía, che dea á vista,  
che dea a sanidade  
polo poder que a Santa, ten.  
Amén".

**Santuario adicado ó Miragres:**  
"A Virxe do Miragres che libre  
de tódolos males. Amén"

"La Vigen de los Milagros te  
conceda la salud del Alma y la  
salud del cuerpo. Amén".

b) Os romeiros pasan os seus panos, polas imáxenes dos Santos ou virxes, e posteriormente pásanno pola cara. Tamén pasan, por ditas estampas, rosarios, medallas, etc., cunha finalidade "protectora".

4.—A carón de varios santuarios, como os santuarios do San Benito, en Valdómar e Piñara; santuario do San Alberto, en Sambreixo; santuario do Miragres, en Saavedra; santuario da Virxe, da Feira do Monte; santuario do San Cosme, en Galgao; santuario do San Adrián, en Goiriz, etc., existen unhas fontes, das que os romeiros levan auga, e nalgúns casos, mullan os seus panos na auga, tocándose con eles aquelas partes enfermas. Iste feito está reflejado na seguinte cantiga popular:

"Na fonte da romería  
a xente está en cadea  
pra lavar as verrugas  
os que as teñan recesas".

Por outra banda, a existencia destas fontes a carón dos santuarios, pode levarnos a establecer a hipótesis de que neses lugares moi ben poidese existir antiguamente un culto naturalista, que foi posteriormente cristianizado co levantamento dunha capela ou ermita.

# EL PROGRESO, 14-7-1982 (continuación)

5.º—Nos santuarios adicados ó San Adrián, nas parroquias de Goiriz (Villalba) e Pacios (Begonte), existían unhas coitelos de madeira, adicados ó San Adrián, que o romeiro, despois de tocar con eles, algunha parte da advocación do Santo, pasaba por aquelas partes do corpo que tiña enfermas.

Ao mesmo tempo, a carón dos dous santuarios existe unha abertura no chan, donde os romeiros que teñen algúns padecementos ós pés ou pernas, introducennas en ditas aberturas. Iste ritos, ainda siguen existindo hoxe en día, inda que por suposto non coa afluencia de fai algúns anos.

## 5.º—OFERENDAS ADICADAS OS SANTOS OU ADVOCACIÓN DA VIRXEN

A) **Misas.**—Na meirande parte dos santuarios que me sirven de base pra iste estudo, puiden comprobar que a misa é un dos elementos básicos de oferenda por parte dos romeiros, xa que en cada santuario dos citados, oferéncense o dia da festividade central unhas 300-400 misas, inda que por suposto existen santuarios, como os "Miragres de Saavedra", en que se ofrecen moitas más. Isteas misas de oferenda, normalmente, o crego encargado do santuario as distribuía entre outros cregos de parroquias limítrofes, dado a dificultade que ten pra decilas todas.

B) **Oferendas a base de velas.**—Istas oferendas pónense nun lugar que existe no santuario a tal efecto, i en moitos casos soen ser da altura do oferente, como por exemplo nos santuarios dos Desamparados (lugar dos Villares-Guitiriz), dos Miragres (Saavedra), do San Alberto (S. Ambreixo-Begonte-Guitiriz), etc.

C) **Donacións en especie.**—Iste tipo de oferente ou donacións efectúase preferentemente a base de lacóns, uñas, queixos, mazorcas de meíz, trigo, etc. Estas donacións en especie, subástanse mediante a coñecida "puxa" denantes de escomenzar a festa da tarde. Iste tipo de oferendas, ainda se sigue dando nos santuarios de Galgao (Abadín), do San Benito (Valdomar-Pacios), do San Alberto, da Virxen dos Desamparados, etc.

D) **Oferendas en metálico.**—Istas oferendas en metálico revisten principalmente 3 formas:

1.º—O poñer o Santo, xa que o romeiro, despois de poñer o santo, deixa unha esmola ó poñente.

2.º—Cepillos do Santuario, adicados as advocacións dos Santos ou Virxes.

3.º—Costo das misas ofrecidas ós Santos ou advocacións da Virxen.

## E) OFERENDAS A BASE DE ESVOTOS DE CERA

Istas oferendas simbolizan as distintas partes do corpo do animal, ou da persoa, e que cada un dos romeiros ofrece, segundo a parte enferma pola que se ofrece o santo ou advocación da Virxen, xa sexa protección do gando, curación do gando enfermo, ou curación dalgunha enfermedade da persoa.

Con respeuto a este apartado referido ás oferendas adicadas os santos ou advocacións da Virxen, penso que é importante sinalar a seguinte cantiga popular:

"As campás tocan a misa,  
a capela vese chea  
dos romeiros da redonda  
pra facer a súa oferta".

## EL PROGRESO, 18-7-1982 (continuación)

Ista cantiga refirese a un incendio ocurrido nunha casa chamada "do Pozo", situada a carón do santuario, que dicen foi apagado por intercesión da Virxen dos Miragres.

5) **Romaxe do S. Cosme en Galgao.**— A popular romaxe de Galgao foi descrita polo poeta mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro, en agosto de 1895, nun poema que escomenza da seguinte forma:

*"De Mondoñedo, a unha  
[légoa  
non curta, por mais que  
[digan,  
a esquerda da carretera  
nun monte que hai moi  
[costento,  
que solo da toxos e silvas,  
nunha esvencellada hermita  
un crego, quemal lle atende,  
ten nun S. Cosme una mina.  
E dela, as millores vetas,  
seique anque choveren fis-  
[gas,  
colle sempre o día do santo  
que ali van cantos o pintan,  
coma ningún, abogoso,  
pra curación e pra dádivas..."*

### B) VERTENTE PROFANA

Dentro a vertente profana da romaxe, merece, en primeiro termo, especial atención a figura do ramista ou ramistas, que é veciño ou veciños dunha parroquia que teñen ó seu cargo a celebración da festa patronal da parroquia. A desinflación dos ramistas ou ramista que han organizar pró ano seguinte a festa da parroquia, faise, nalgúns casos, o mesmo día en que remata a que está celebrándose, pro cal fanse previamente as esploracións necesarias pra evitar negativas. Antigamente a desinflación do maiordomo ou ramista, facíase, polo xeral, con certa solemnidade, xa que o ramista ou maiordomo saliente, levaba o "ramo da festa" á propia casa do entrante, acompañado da música e dos veciños da parroquia. O ramo da festa era un composto de ramas e frozes naturais, acompañados de roscas de pan de ovo e de almendra, frutas, etc., segun as posibilidades do que o leva.

Os ramistas son os encargados de estruturar a festa profana, atendendo ós seguintes elementos: 1) Mercan unha gran cantidade de foguetes, que se empregan na vispora da festa, pra anunciar a festividá central do día seguinte.

O mesmo tempo, o día da festividá, empréganse o "álba", ó salir a procesión, e tamén ó escomenzar e rematar o baile.

2) Contratación de orquestas e dalgún grupo de gaiteiros. Mientras o grupo de gaiteiros toca, preferentemente, pola mañá cedo —alborada— recorrendo todos aqueles puntos da parroquia más importantes; as orquestas fanno, pola serán e pola noite, inda que tamén despoxa da misa soen tocar unhas "pezas".

3) Subastan os terreos arredor de donde se vai celebrar o baile a unha serie de vendedores ambulantes, entre os cales podemos distinguir: os das casetas de tiro, os das tómbolas, os dos postos de bebidas, as rosquilleiras, as pulpeiras, que constituiron e constituyen unha das notas más típicas das romaxes, na sua vertente profana. As pulpeiras, provistas do pulpo curado e d'unha ou dúas caldeiras grandes que transportaban antigamente a lomos de caballerías, i, hoxe en día, mediante o coche, van de pobo en pobo pra exercer o seu tráfico. Chegan nas primeiras horas da mañá, preparan as súas caldeiras de cobre, negras por fora e brillantes por dentro, colocándose sobre de tres ou catro pedras grandes, e, enchéndoas de auga, encenden lume, cocendo o pulpo ao ar libre.

Unha estampa típica da festa profana son os xantares campestres, compostos de empanadas, chourizos, queixos, e demás productos da zoa, que teñen lugar en moitas romaxes, como a romaxe do S. Cosme, en Galgao; na romaxe dos Miragres, en Saavedra; na romaxe do S. Benito, en Piñar; na romaxe do S. Alberto, en S. Ambreixo, etc.

Asimesmo, nalgúns romaxes asistían leas ou pelexas antre mozos de distintas zonas, como por exemplo na "romaxe de Galgao", que segundo o "Diccionario da Gran Encyclopedie Galega", era o santuario da violencia festiva do Cordal de Neda, o lugar onde contendian os mozos de Corda (Galgao, Lagoa, Cadavedo, Xemil, etc.) contra os de "A Lareira" (Argomoso, Lindin e outras parroquias). Istaas leas ou pelexas foron descritas, polo poeta mindoniense Leiras Pulpeiro, da seguinte forma: "Dempois de rosmaren baixo, filasen, e cos mocos, deran as razóns e houvese croques ás cheas pra moitos; hastre que catro ou seis deles, máis mandados ou máis froxos, se queixaron, e os civiles, se percataron do conto, predendo a unhos por outros, que, máis cucos, xa pra casa volvian sanos e fonchos....".

## Romaxes da Terra Chá

# Distintos refráns e advocaciones

Por José Manuel Blanco Prado

Pra rematar iste traballo, vou a reseñar, en primeiro termo, algúns refráns sobre as dúas vertentes da romaxe, pra, posteriormente, facer unha enumeración global d'outras romaxes da Terra Chá, algunas das cales siguen ainda hoxe en dia pervivindo, nas súas dúas vertentes.

### 1) REFRÁNS

O refrán é unha sentencia de carácter didáctico ou moral que se transmite oralmente ó traveso dos séculos. O refrán, producto connatural de todo los pobos, soe constar de dúas partes: a primeira presenta a situación e a segunda saca as conclusións de tipo didáctico.

O refrán ten unha base de espontaneidad, tendo nado como consecuencia dun suceso ou estado transitorio que impresionou a imaxinación.

Antre os refráns que fun recollendo con respeito ó citado traballo, expoño os seguintes:

"En S. Xohan as nove,  
[con dia dan]"

"A todo porco lle chega o  
[seu. S. Martiño]"

"Cando Deus non quer, os  
[santos non valen]"

"Antre S. Sohan e San-  
[tiago, Deus nos libre dun  
[nubrado]"


"O vrao do S. Martiño son  
[3 días e mais un  
[pouquiño]"

"Día de S. Nicolás está a  
[neve no pao e senón no  
[chao]"

"As mulleres cando paren  
[acórdanse de S. Ramón,  
[e cando os están facendo  
[nin santos nin devo-  
[ción]"

"Cando ven a Sta. Lucía,  
[crece o día e mengua a  
[noite]"

"O pequeno Santo,  
[pequeno rezado]"



(4 V)

Posto ambulante de venta de dous elementos básicos d'oferta en toda romaxe, as velas e os esvotos de cera.

"Rogarlle ó Santo hasta  
[sair do charco, e dispóns  
[de saído, Santo esquen-  
[cido".

### 2) ENUMERACION DALGUNHAS OU- TRAS ROMAXES DA TERRA CHA

#### A) Axuntamento de Cos- peito

A romaxe do S. Isidro, en Pino e Seijas, o 15 de maio; a do Socorro, en Riveso, o 4.º domingo do mes de setembro; a do S. Xoán e S. Pelayo, en Sistayo, o 24 e 25 de xunio; a de Sta. María, en Muimente, o lás de Pascoa de Resurrección.

#### B) Axuntamento de Xer- made

A romaxe do S. Soán e da Virxe dos Remedios, os días 24 de xunio e 24 de maio en Caneiro (Burgos).

# EL PROGRESO, 21-7-1982 (continuación)

C) Axuntamento de Abadín  
As romaxes da Nosa Señora, o día 8 de setembro, en Abadín, Abeledo e Montouto; a do S. Antonio, o 13 de xunio, en Abeledo; as do S. Pedro, o 29 de xunio, en Aldige e Labrada; as do Sant-Iago, o 25 de xulio, en Baroncelle, Moncelos e Quende; as do S. Xoán, o 24 de xunio, en Romaniz, Castromayor; as do Rosario, o 1.º domingo de outono, en Goás e Graña.  
D) Axuntamento de Castro de Rei

A romaxe da Purísima, o día 8 de decembro, na parroquia de Castro de Rei; a do S. Antonio, o 13 de xunio, en Baltar; a do Socorro, o día 8 de setembro, en Bazar; a do S. Martín, o 11 de novembro, en Goberno; a do Rosario, o 1.º domingo d'outono; as do Sant-Iago, o 25 de xulio en Duarria e Mondriz; as do S. Pedro, o 29 de xunio, en Santa Leocadia e Triabá.

E) Axuntamento D'Outeiro de Rei

As romaxes do S. Martín e S. Antonio, os días 11 de novembro, e 13 de xunio, en Guillar; as romaxes do S. Fiz, e as do Nazareno i os Dolores, os días 1 de agosto, e o domingo e lúas de Pascua, en Robra; a do S. Benito, o día 27 de setembro, en Francos; a do S. Nicolás, o dia 6 de decembro, en Folgueira; a de Sta. Lucía, o dia 13 de decembro, en Matela; as de Nosa Sra. e S. Roque, os días 15 e 16 de agosto, en Cela.

F) Axuntamento de Begonte

As romaxes do Sant-Iago i o Rosario, os días 25 de xulio e 12 de setembro, en Baamonde; a do S. Martín, o día 11 de novembro, en Pacios; a do S. Pedro, o 29 de xunio, en Begonte.

G) Axuntamento de Merida

As romaxes do S. Antonio, o 13 de xunio, e as da Asunción da Virxen e S. Roque, os días 15 e 16 de agosto, na parroquia de Meira; as do S. Pedro e S. Froilán, os días 29 de xunio e 4 de outono, en Naballo; a de S. Isidro, o día 15 de maio, en Sejosmil. Por outra banda, esisten unha serie de ermitas, como a de S. Xosé, en Boel; a de S. Pedro, en Cabaceiras; a de S. Antonio, en Vilarpescozo; a de Sta. Lucía, en Mestre; a de S. Blás, en Barcia.

H) Axuntamento de Villalba

As romaxes do S. Martín, o día 11 de novembro, en Lanzós e Noche; as do Sant-Iago, o día 25 de xulio, en Sancobad, Goiriz, Boizán, Samarugo; a do S. Pedro, o dia 29 de xunio, en Sta. Baia; esisten, ademais, unha serie de capelas ou ermitas, como a de S. Esteban, en Arbol; a do Anxel da Garda, en Belesar; a do S. Ramón, en Insua; a do S. Roque en Cuesta.

I) Axuntamento de Pastoriza

A romaxe de Sta. María, en Bretoña; a do S. Martín, en Corbellé.

*Bellarbo*

Ilmo.

Sr.


D.JOSE MANUEL BLANCO PRADO, licenciado en Filosofia y Letras, sección de Historias y profesor agregado de Filosofia del I.N.B. Mixto nº 1 "JUAN MONTES" de LUGO, con domicilio en la C/ BECERREA nº 9-3º-dcha, tlf. 214761,

· E X P O N E:

Que habiéndole sido publicados en el diario provincial "EL PROGRESO" cinco artículos sobre el tema "AS ROMAXES DA TERRA CHA", los días 10, 13, 14, 18, y 21 de Julio, es por lo que a V.I,

S U P L I C A:

Poder participar en el Certamen Literario, convocado por el Ayuntamiento de Villalba, que V.I, preside, en la Base primera de dicho certamen cuyo tema es: "AS ROMAXES DA TERRA CHA".



ILMO.SR. ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE VILLAIBA

(LUGO)